

CONCELLO de RAMIRAS



NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

Asunto: Criterios de selección para o acceso e preferencia no servizo ofertado polo Concello de Ramirás para a conciliación familiar e laboral (Campamentos de verán 2025).

DECRETO

Visto a demanda do programa de conciliación familiar e laboral ofertado por este Concello, aumentouse o número de **prazas ofertadas a 30**.

Faise necesario determinar uns criterios de acceso e preferencia que sexan transparentes, xustos e equitativos.

RESOLVO:

En consecuencia, por medio da presente Providencia e para garantir o acceso ao servizo público en condicións de igualdade e proporcionalidade, fixar os seguintes criterios:

- 1º Terán preferencia os nenos e nenas empadroados neste Concello de Ramirás e cuxos pais ou quen ostente a súa patria potestade traballen ambos ou un deles (familias monoparentais) durante o período en que se desenvolva o servizo ofertado.
- 2º Seguirán en orde de preferencia os nenos e nenas cando un só dos pais ou un dos que obste a patria potestade traballe durante o período en que se desenvolva o servizo ofertado.
- 3º A continuación os nenos e nenas que pasen parte das súas vacacións cos avós ou avoas estando estes ou estas empadroados no Concello. Neste caso só para períodos de 15 días.
- 4º Por último, os restantes nenos e nenas por nivel de renda da unidade familiar priorizando aos empadroados.

Velará polo cumprimento dos requisitos de acceso e preferencia a área de servizos sociais, baixo supervisión da secretaría municipal.

En Ramirás, na data de sinatura electronica

